

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 03/10/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/10/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28-sep-2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/3126

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria José Rey Barreiro solicitando a instalación dun espello na Rúa Saiñas, Vilaxoán, á altura do nº 3, para facilitar a incorporación dos vehículos que saen do mesmo á circulación, indicando así mesmo a excesiva velocidade de algúns vehículos que circulan pola citada Rúa.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación do espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do inmovible nº 3 da Rúa Saiñas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

Así mesmo procederáse a estudar as medidas necesarias para a redución de velocidade na zona, debido a varias queixas sobre a excesiva velocidade de determinados vehículos en sentido baixada cara a Avda. de Vilanova.

PRP2022/3127

Dáse conta do escrito presentado por dona Josefa Muñiz Vázquez solicitando a reverka dunha praza de estacionamento para discapacitados á altura do nº 28 da Rúa Vista Alegre para facilitar o acceso ao vehículo cando sexa necesario.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que as prazas de estacionamento para discapacitados non se conceden a nivel particular, estando habilitadas dúas na citada Rúa, unha fronte ao nº 22 e outra fronte ao nº 40, as cales están bastante próximas ao domicilio da solicitante.

PRP2022/3128

Dáse conta de escrito presentado por Dona Alba Romano Núñez solicitando a instalación dun espello na Rúa Castrogudín - O Vento,, á altura do nº 3, para facilitar a incorporación dos vehículos que saen do mesmo á circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación do espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios do inmovible, colocando o mesmo na zona oposta á vivenda (fóra do arcén e no espazo que fai función de recollida de augas), de xeito que non dificulte a circulación de peóns.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2022/3133

Dáse conta de escrito presentado por D. Juan Francisco Janeiro Rodriguez denunciando o estacionamento de vehículos na Rúa Ramón Otero Pedrayo, a pesar da sinalización horizontal (liña amarela).

Visto o informe da Policía Local no que se indica que a sinalización se atopa deteriorada, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao repintado da sinalización (liña e cadricula en amarelo), así como dos poucos estacionamento existentes na Rúa Ramón Otero Pedrayo.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2022/3144

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosa Perez Diz, no que fai referencia a que no Camiño Piñeiro de Sobrán nº 7, Renza se procedeu á sinalización con liña continua amarela que afecta ás diferentes entradas da propiedade (4), e solicita autorización para poder acceder á propiedade mediante o pintado de liña discontinua nas entradas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente se levou a cabo o pintado de liña amarela continua no lado dereito do Camiño do Piñeiro, Renza.

Á vista do citado informe, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Sra. Pérez Díz que deberá solicitar vao permanente que lle permita a entrada e saída de vehículos nos accesos que estime oportunos.

Así mesmo acórdase requirir a Dona Purificación Cores Padín, propietaria do nº 18 da citada Rúa para que solicite o correspondente vao permanente, á vista da sinalización horizontal existente no acceso á mesma.

PRP2022/3160

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que na Rúa Vicente Risco á altura do nº 10, na marxe dereita no sentido da marcha existe un sinal vertical de prohibido o xiro á esquerda (R-303) e metros mais adiante, no cruce coa Rúa Alejandro Cerecedo unha liña discontinua adosada que permite o xiro á esquerda, o que provoca a confusión dos condutores.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao borrado das liñas discontinuas adosadas que permiten o xiro.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.

PRP2022/3237

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria del Carmen Díaz Bello, indicando que na Rúa Pedrido Morla nº 27, debido ao muro e cerre do lindeiro carece de visibilidade para a saída da súa propiedade, solicitando a instalación dun espello para mellorar a incorporación de vehículos da propiedade á circulación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación do espello efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios da citada propiedade nº 27 da Rúa Pedrido Morla.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

Así mesmo deberá proceder a solicitar o correspondente vao permanente.

PRP2022/3239

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que dende o ano 2020, motivado polas medidas de distanciamento social debido á pandemia do COVID 19, no CEIP O Piñeiriño habilitouse, ademais da entrada principal, unha segunda entrada ao colexio por un portalón situado na metade da Rúa Alfredo Brañas.

Dende a Policía Local detectouse naquel intre que a circulación de escolares, cos seus pais, (tanto á entrada como á saída), debido á beirarrúa estreita que une as dúas entradas/saídas obrigaba a moitos deles a circular a pe polo carril de circulación máis próximo ao valo de peche do recinto escolar, carril polo que circulan os vehículos que baixan do Pavillón Municipal cara a Rúa Camilo José Cela, provocando situacións de perigo tanto para os peóns como para os vehículos. Para evitar o perigo colocouse unha barreira con sinal de entrada prohibida tanto no horario de entrada como de saída para os vehículos que circulasen polo carril de baixada.

Na actualidade, debido á desaparición da obriga do distanciamento social, entenden que se debería volver a normalizar a circulación na zona, deixando de colocar a barreira con sinal de entrada prohibida tanto no horario de entrada como de saída, informando á Dirección do Centro de que se deixará de colocar a barreira pechando o carril de circulación.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade ás medidas propostas pola Policía Local.

PRP2022/3263

Dáse conta do escrito presentado por Dona Iasura Cortaberri Pazo, solicitando a sinalización dun estacionamento para persoas con discapacidade nas inmediacións do seu domicilio, en Avda. Rosalía de Castro nº 169.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que na zona existe unha praza diante do Hotel Carril, se ben se considera conveniente a sinalización, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a sinalizar unha praza de estacionamento para discapacitados, aproximadamente fronte ao nº 167 da Avda. Rosalía de Castro, co cal ademais se amplía a visibilidade do paso de peóns que se atopa a continuación cando se encontre libre.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2022/3266

Dáse conta do escrito presentado por Dona Juana Carou Vicente, con enderezo en rúa Campanario nº 38, Bamio, no que solicita:

1º Se regule o aparcamento prohibindo o parcamento na Rúa que da acceso ás vivendas.

2º Que se realicen obras de ensanchamento da Rúa que da acceso ás vivendas para que poidan acceder ambulancias e vehículos de discapacitados.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao pintado dunha liña amarela continua do lado dereito entrando cara as vivendas, de forma que se evitaría a dificultade de circulación dos usuarios das mesmas.

Así mesmo se lle comunica que o mellor xeito de regular o estacionamento no tramo que da acceso sería que solicitara a reserva de vao permanente para o seu domicilio.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2022/3289

Dáse conta do proxecto Deportivo das Actividades Físico-Deportivas para adultos, curso 2022/2023, ofertando dous programas diferenciados:

Programa ACTIVO MAIORMENTE

Programa VILAGARCIA EN FORMA

O período de actuación para o cal esta indicado o proxecto das ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DE ADULTOS e de 9 meses, dividido en tres cursos, un no ano 2022, comprendido dende o 10 de outubro ao 22 de decembro de 2022, e dous no ano 2023, dende o 9 de xaneiro ao 31 de marzo e do 3 de abril ao 22 de xuno seguindo o calendario escolar.

Os gastos viran ocasionados polo gasto de seguros de accidentes, material deportivo, limpeza, publicidade e comunicación e pola xestión indirecta de 2 actividades ofertadas: Aerobic (Zumba) e Ximnasia Acuática, cun custe de 35,00 €/sesión e para un total de sesión de:

ACTIVIDADE	ANO 2022	ANO 2023	TOTAL SESIÓNS
Aerobic (Zumba)	19 sesións	45 sesións	64 sesións
Ximnasia Acuática	60 sesións	136 sesións	196 sesións.

Establecese unha cota de 18,00 €/actividade conforme ao prezo público establecido no Acordo regulador No III.5 para as actividades de adultos agas as actividades do Programa Activo Maiormente, Pilates, estiramientos, Funcional Training, que non figuran no citado acordo regulador, polo que, tal e como establece o seu artigo 13, corresponde a Xunta de Goberno Local a fixación do prezo público das actividades de nova creación.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o PROXECTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DE ADULTOS, 2022/23 cun orzamento de gasto por importe total de 17.400,00 €, coa cota de 18€/actividade, coa seguinte desagregación:

CONCEPTOS	IMPORTE TOTAL	ANO 2022	ANO 2023	PARTIDA
Seguros deportivos	3.800,00 €	3.800,00 €	0	342.22400
Actividades Xestión Indirecta	9.100,00 €	2.765,00 €	6.335,00 €	342.22609
Material deportivo	1.000,00 €	1.000,00 €	0	342.2219901
Servizo de Limpeza	3.000,00 €	1.000,00 €	2.000,00 €	342.22700
Publicidade e comunicación	500,00 €	500,00 €	0	342.22602
TOTAL	17.400,00 €	9.065,00 €	8.335,00 €	

PRP2022/3389

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para reparacións de filtracións de auga no CEIP AREALONGA (limpeza e saneamento e pintado de parte interior dos canlóns e desatascar baixantes), por un importe total de 3.018,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3391

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para reparación de filtracións de auga no Centro de Formación de Matosinhos (despontaxe tella lado lima, reparación da lima, colocación e reposición de tella, limpeza de canlóns e baixantes do patio interior), por un importe total de 3.357,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/3393

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades SL en relación as queixas por estacionamento indebidos no vao permanente da Comunidade de Propietarios Santa Eulalia 18-20, así como dando conta de vehículos abandonados na Rúa dende fai varios meses.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que se pasou aviso ás patrullas para que na medida do posible presten atención aos vehículos estacionados no vao. Así mesmo cando os usuarios do vao vexan entorpecido o normal uso do mesmo deberán chamar á Policía Local para comunicar a incidencia (Tef. 029 ou 985501582).

Con respecto aos vehículos abandonados ós que fan referencia, indicarlles que se iniciou expediente de abandono dun deles, que se encontra en trámite.

PRP2022/3394

Dáse conta de escrito presentado por D. Ramón López Tuñez en relación coas medidas de seguridade adoptadas en relación co peche da Rúa Ramón Otero Pedrayo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que as mesmas se adoptaron para garantir a seguridade, debido ao perigo de derrumbe do muro existente.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que xa se realizou a demolición do muro así como a retirada do valado de seguridade colocado.

PRP2022/3395

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Maria Granja Guillán solicitando documentación e información relativas ao proceso de licitación do proxecto para a dotación de beirarrúas á Rúa Ameixeiras, así como saber en que punto se atopa o proceso de negociación cos propietarios dos terreos contiguos para obter os terreos necesarios.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. Granja Guillán que o Concello está en proceso de incautación do aval depositado como garantía das obras a realizar na Rúa Ameixeiras, dado que por parte da promotora das mesmas non se materializou a correspondente cesión nin posterior urbanización.

PRP2022/3396

Dáse conta de escrito presentado por Dona María de la O Fernández González solicitando os expedientes de adxudicación dos contratos menores relativos á redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obras de "Humanización da Rúa Arcebispo Lago".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que os datos relativos á adxudicación de contratos menores figuran nas actas de Xunta de Goberno Local de 18 de abril, 24 de maio e 6 de xuño de 2022.

PRP2022/3397

Dáse conta do escrito presentado por D. David Higinio Oliveira Barreiro comunicando a baixa no partido Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía e que xa levou a cabo a devolución ao Concello dos importes percibidos como asignación a grupos políticos municipais e solicitando deixar de percibir tales asignacións dado que pasa a Concelleiro non adscrito ata o final do mandato.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora do seu pase a Concelleiro non adscrito.

PRP2022/3398

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2022, de continuidade de prestación de servizos de limpeza das dependencias e instalacións municipais, colexios públicos, FPSDM e recinto FEXDEGA, por parte da empresa Clece, S.A. (A80364243) para ao período do 1 setembro 2022 ao 31 de agosto de 2023, que inclúen limpeza das instalacións da escola de adultos dentro da partida de "instalacións municipais", cun importe de 150,21 €/mes, non prestándose ese servizo dende xuño, figurando no mesmo os seguintes importes:

Dependencia	Ano 2022 (set-nov 2022) Incremento 6,5% (3meses)	Ano 2023 (dec. 2022- agosto 2023) Incremento 6,5% (9meses)
Instalacións municipais	237.691,36	713.074,09
Instalacións deportivas	37.040,21€	111.120,62€
Recinto Fexdega	8.026,18€	24.078,53€
Dependencias baixo Auditorio	2.372,61€	7.117,83€
	12 meses	Total: 1.133.103,65€ co incremento do 6,5%

E debendo figurar:

Dependencia	Ano 2022 (set-nov 2022) Incremento 6,5% (3meses)	Ano 2023 (dec. 2022- agosto 2023) Incremento 6,5% (9meses)
Instalacións municipais	237.240,74	711.722,24
Instalacións deportivas	37.040,21€	111.120,62€
Recinto Fexdega	8.026,18€	24.078,53€
Dependencias baixo Auditorio	2.372,61€	7.117,83€
	12 meses	Total: 1.131.301,18 € co incremento do 6,5%

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2022/3399

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2022 en relación coa compra dun local en Rúa Pablo Iglesias 20, esquina Eduardo Pondal (11), figurando como propietario Dimac SL.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado, quedando o acordo do seguinte xeito:

Dáse conta das xestións realizadas para a compra dun local na planta baixa, situado na rúa Pablo Iglesias 20 (locais3-4) esquina Eduardo Pondal 11 (locais 1-2), cunha superficie construída de 626 m², propietario D. Manuel Alberto Coello Núñez e Dona Maria José Paz Rey (50% cada un).

A compra polo Concello ascendería aproximadamente á cantidade de 233.000,00€, valorado por técnico externo en 361.640,20€, con destino ao departamento de Servizos Sociais Municipais.

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda comunicarlle que o Concello está interesado na compra dos citados locais e se vai proceder á licitación.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/3359

Vista a proposta do Concelleiro de Educación para aprobar a ampliación do tempo de limpeza no Colexio de Educación Especial de Vilagarcía, en media hora diaria, dado que o contratado ata a data non é suficiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto da ampliación en media hora diaria da limpeza do Colexio de Educación Especial de Vilagarcía da empresa CLECE SA, por importe total 2.025,00€ (IVE incluído), polo período de outubro de 2022 a xuño de 2023 con cargo á partida 320.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2022/3401

Dáse conta do escrito de Don Braian Traico Romero, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas de un metro, o día 1 de novembro de 2022 , no exterior do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados acordase conceder a autorización con carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá contar con unha póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

PRP2022/3402

Dáse conta do escrito de Don Braian Traico Romero, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas de un metro, na praza de Galicia, durante a tempada de outono.

Visto o informe do Servizo de Mercados acordase conceder a autorización con carácter de

precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá contar con unha póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

PRP2022/3403

Dáse conta do escrito de Dona Angela María Traico Romero, solicitando autorización para instalar unha máquina de asar castañas de un metro, na esquina Rúa Valentín Viqueira con Rey Daviña, durante a tempada de outono.

Visto o informe do Servizo de Mercados acordase conceder a autorización con carácter de precario, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá estar en posesión da documentación necesaria para o exercicio da venda.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá contar con unha póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/3303

O 17 de xuño de 2022 comunicouse a este Concello resolución de concesión, da directora xeral de Administración Local, por delegación do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, de subvención do Fondo de Compensación Ambiental na súa natureza NON COMPETITIVA por importe total de 10.924,57 euros para o proxecto denominado .Rehabilitación do colector de saneamento na rúa Valentín Viqueira en Carril.

Que aos efectos da xustificación da subvención do Fondo de compensación Ambiental do 2022 e de acordo co establecido no artigo 31 da Orde do 29 de decembro de 2021 pola que se regula a convocatoria desta subvención deberá aprobarse a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada por un importe de 10 924,57 € se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

Por isto a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da conta xustificativa da subvención na que se faga constar de forma detallada que:

- Se cumpriu da finalidade da subvención.
- Os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acredor	Concepto	Nº factura	Importe	Data emisión	Data de recoñecemento de obriga
CANALIS SOLUCIONES TECNOLÓGICAS SL	Rehabilitación de colector de saneamento na Rúa Valentín Viqueira - Carril	22 202	17.460,30 €	08/07/2022	12/09/2022

PRP2022/3373

O día 4 de xullo de 2022 a Mancomunidade de Montes Veciñais en man común de Vilagarcía

constituída polas CMVMC de Trabanca Badiña, Rubiáns, Cea, Sobrán e Vilaxoán, Trabanca Sardiñeira, Guillán, Loenzo, Bamio e Fontecarmoa presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra incendios dos montes 2022, por un importe total de 84 999,14 euros.

De acordo co establecido na base 4.1 das bases reguladoras do programa a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2022 remítese PROPOSTA no que se recolle o informe da técnica media de medio ambiente en relación coa solicitude efectuada pola MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE VILAGARCÍA DE AROUSA, no que se recolle que as actuacións solicitadas se axustan ás bases da convocatoria mais a cantidade máxima que podería ser subvencionada sería de 84.642,48 €, cantidade minorada en 356,66 en relación coa solicitada por exceder esta o máximo subvencionable en concepto de reforestación (20% do importe da axuda cando a plantación non sexa de especies autóctonas, como é o caso) e que resulta da suma dos seguintes orzamentos das CMVMC:

BENEFICIARIO	IMPORTE
C.M.V.M.C. DE TRABANCA BADIÑA	5.437,00 €
COMUNIDAD DE MONTES RUBIANS	11.351,50 €
COMINIDAD DE MONTES VECINALES MANO COMÚN DE CEA	9.984,00 €
CMVMC DE SOBRÁN	10.904,27 €
CMVMC DE TRABANCA SARDIÑEIRA	7.799,85 €
CMVMC DE LOENZO DE ARRIBA E LOENZO DE ABAIXO	10.048,50 €
CMVMC DE BAMIO	12.545,00 €
CMVMC DE FONTECARMOA	2.087,00 €

Tendo en conta informe da Técnica de Medio Ambiente e a proposta da Concellería, a Xunta de Goberno Local acorda conceder á MANCOMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE VILAGARCÍA DE AROUSA (V-94156486) unha axuda por importe total de 84.642,48 €, con cargo á partida 1720.489, de conformidade coa desagregación indicada.

PRP2022/3374

Dáse conta da publicación no DOG do día 7 de setembro de 2022 da Resolución do 23 de agosto de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións que se convocan para o ano 2022 (AU301D) por parte da Augas de Galicia.

O artigo 2.1. establece que poderán ser entidades beneficiarias destas subvencións os concellos responsables de sistemas de abastecemento á poboación total igual ou inferior a 50.000 habitantes, segundo cifras de poboación acordes co establecido no Real decreto 1065/2021, do 30 de novembro, polo que se declaran oficiais as cifras de poboación resultantes da revisión do Padrón municipal referidas ao 1 de Xaneiro de 2021.

De acordo co artigo 3.1. da Resolución poderán ser subvencionables os investimentos desde o 1 de Xaneiro de 2022 destinados á elaboración de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, sempre que se refiran a traballos que no estean completamente executados no momento de presentación da solicitude de subvención.

O artigo 6 establece que a porcentaxe da subvención é 80% da inversión subvencionable, e co límite máximo por solicitude de 15.000 € ata esgotar o crédito previsto nesta resolución.

No punto 2 do artigo 3 di que será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) só no

caso de que non sexa repercutible de acordo co disposto na Lei 37/1992 do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Para tal efecto, o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.

No artigo 16 recolle os criterios e baremos para valoración das solicitudes dada a concorrência competitiva da subvención.

No artigo 19 e 20 recolle a aceptación e as obrigas dos beneficiarios e no seu artigo 22 recolle a Xustificación e pagamento, sendo este prazo de presentación da documentación xustificativa da subvención ata o 30 de Xuño de 2023 sen dano de que se poida presentar dita documentación con anterioridade.

O IVE será subvencionable só no caso de que non sexa repercutible. Para tal efecto, o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, por unha cantidade de 18.149 euros (con IVE Incluído) dos cales 14.519,20 € (IVE incluído) estarán subvencionados e a diferenza de 3.629,80€ (IVE incluído) será soportado polo concello, con cargo á partida 161.210, facendo constar que se aceptan as condicións e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención así como a data límite de 30 de xuño de 2023 para presentación da documentación xustificativa.

PRP2022/3387

Dáse conta da chegada a este Concello da Resolución de Augas de Galicia , de concesión de axudas convocadas pola Resolución do 23 de Xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos en réxime de concorrência non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga , e se convocan para o ano 2022.

O CUSTE TOTAL É 12.500 € (IVE INCLUIDO)

O IMPORTE TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA : 10.000€ (IVE incluído) estando a diferenza de 2500€ (IVE incluído) será soportado polo concello.

Recordase que o IVE será subvencionable só no caso de que non sexa repercutible. Para tal efecto , o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.

Acórdase así mesmo aprobar a achega municipal, por importe de 2.500,00 €, con cargo á partida 161.210.

CONTRATACIÓN

PRP2022/3264

Dáse conta de Resolución do Instituto Enerxético de Galicia en relación coa solicitude de subvención dentro do Programa estatal de incentivos á mobilidade eficiente e sustentable (Programa MOVES II), de concesión de ampliación do prazo máximo de execución e xustificación do expediente IN421R-1053 para a "Mellora da Seguridade e Accesibilidade dos Camiños Escolares Seguros aos Centros do Entorno de Matosinhos" ata o 17 de marzo de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3297

Dáse conta de Resolución da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa de extinción da autorización A0935, con data 14 de setembro de 2022, por ser a data na que se asina entre a Autoridade Portuaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa o Convenio cuxo destino é a utilización da parcela 03-004 que se sitúa na área do Cavadelo ocupada integramente por unha nave de 1.527,17 m² para ensinanzas náuticas e actividades deportivas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/3337

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto básico e de execución denominado "Demolición edificación Avda. da Mariña 15 (Comandancia), redactado polo Arquitecto Técnico D. José M. Millán Armas, cun importe de licitación de 249.691,44 €.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/3369

De conformidade coa Operación "Apoio a familias socialmente vulnerables favorecendo as súas posibilidades de incorporación" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado para o "Desenvolvemento de actuacións de formación e difusión vinculadas a hábitos de alimentación saudables" tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
CARLOS CRESPO GÓMEZ	18 REX 2022/6559	1.137,40€	231-2279917 AD 2022-5451	Talleres de cociña de aproveitamento – hábitos de alimentación saudables. Maio 2022
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_31_ FAMILIVUL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-4 e a aplicación orzamentaria 231-227991				

PRP2022/3370

De conformidade coa Operación "Apoio a familias socialmente vulnerables favorecendo as súas posibilidades de incorporación" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado para o "Desenvolvemento de actuacións de formación e difusión vinculadas a hábitos de alimentación saudables" tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO
CARLOS CRESPO GÓMEZ	22 REX 2022/5776	1.706,10€	231-2279917 AD 2022-5451	Talleres de cociña de aproveitamento realizados por Xoaquín Ameixeiras na praza de Abastos. Xuño 2022
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_31_ FAMILIVUL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-4 e á aplicación orzamentaria 231-2279917.				

PRP2022/3371

De conformidade coa Operación "Apoio a familias socialmente vulnerables favorecendo as súas posibilidades de incorporación" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado para o "Desenvolvemento de actuacións de formación e difusión vinculadas a

hábitos de alimentación saudables” tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
CARLOS GÓMEZ CRESPO	28 REG 2022/5777	1.137,40€	231-2279917 AD 2022-5451	Talleres de cociña de aproveitamento realizados por Xoaquin Ameixeiras na praza de Abastos. xullo 2022
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_31_ FAMILIVUL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-4 e á aplicación orzamentaria 231-2279917.				

PRP2022/3372

De conformidade coa Operación “Apoio a familias socialmente vulnerables favorecendo as súas posibilidades de incorporación” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado para o “Desenvolvemento de actuacións de formación e difusión vinculadas a hábitos de alimentación saudables” tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da Obrigación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
CARLOS GÓMEZ CRESPO	31 REG 2022/6560	1.137,40€	231-2279917 AD 2022-5451	Talleres de cociña de aproveitamento realizados por Xoaquin Ameixeiras na praza de Abastos. Agosto 2022
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Líña de actuación Operación VLG_LA_31_ FAMILIVUL, ao Proxecto 2018-3-DUSI-4 e á aplicación orzamentaria 231-2279917				

PRP2022/3413

Visto o expediente de gasto INT/2022/434 integrado pola relación de xustificantes F/2022/125 por importe de 108.150,41 €.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2022/125 por importe de 108.150,41 € coa seguinte desagregación:

REX.	Documento	Fecha Doc.	Importe	Progr.	Econ.	Nome Ter.	Texto Libre
F/2022/1877	280 2022	30/03/2022	753,18	920	22604	JOSE PORTELA & ASOCIADOS, S.L.P.	REC. CONTENCIOSO -ART.68 (REC. CONTENCIOSO 21/2021 ADVERSA PROMOC. INMOB. DEL PISUERGA J. CONTENC.-3 PONTEVEDRA) / REC
F/2022/5144	4003455582	31/07/2022	7.813,04	920	22201	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada ES 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUDADES) G-1 (01 EXENTO) / Carta Certificada ES 0 - 50 gr D2(RESTO) G-1 (0
F/2022/5710	Emit- 02	21/07/2022	585,00	334	22609	ASOC. CUL. POLIFONICA VILAXOAN	Actuación Misa do Carne Vilaxoán o domingo 17 de xullo de 2022.
F/2022/5711	22E 00021	24/08/2022	1.839,20	334	213	TOLDOS GOMEZ, S.L.	POR CONFECCION DE LONAS PARA TECHO CARPAS PLEGABLES, EN CALIDAD POLIESTER RECUBIERTO DE PVC 450 G/M². MEDIDAS 300 CM X 3
F/2022/5715	22001631 0	25/08/2022	3.135,33	9201	22706	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	CREATIVE CLOUD FOR TEAM LICENCIAS (responsable dep informatica: JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS XUNTA GOBERNO LOCAL 08/08/22)
F/2022/5722	75202219900030001527	26/08/2022	97,65	338	224	MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	ACCIDENTES COLECTIVOS "PÓLIZA":055 2280010627 "RECIBO":836084

						SOBRE LA VIDA HUMANA	1580 "RIESGO": 001SUMAS GRUPOS "CONCEPTO-ADICIONAL":Póli
F/202 2/5733	Emit- 58	20/08/20 22	9.680,00	338	22609	O SON DA RÚA, S.L.U.	Actuacion musical de la orquesta New York en Vilagarcía de arousa en fecha 19 de agosto de 2022
F/202 2/5738	22 4582	12/08/20 22	182,02	135	214	AUTOMOCION LA JUNQUERA, S.L.	DIR 3: CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC: L01360600 INTERVENCION XERAL / OG: L01360600 ALCALDIA-PRESIDENCIA / OT
F/202 2/5741	A0002022 196	29/08/20 22	219,01	1722	22199	SEPY MEDICAL, S.L.U.	PROTECCION SOLAR B+ FACTOR 50+ SPR (DPTO. DE PLAYAS - CODIGO 4591 REPOSABLE: JACOBO CAMPOS)
F/202 2/5742	P 220400	29/08/20 22	1.290,00	135	22799	IDDUN CONSULTING AROUSA, S.L.	CURSO BRIGADAS FORESTAIS DEFENSA DE INCENDIOS. FECHA IMPARTICION 26/07/2022 AL 27/07/2022. ACUERDO GOBIERNO PRP2022/2489
F/202 2/5744	E 4	11/07/20 22	241,03	1722	22199	NAUTICA PEREZ, S.L.	ESCARPIN T41 / ESCARPIN T42 / ESCARPIN T43 / ESCARPIN T45 / GORRO DE SILICONA
F/202 2/5748	22 496	30/08/20 22	9.964,35	135	22799	CONTROL E INSPECCIÓN REGLAMENTARIA, S.L.	INSPECCION DE ATRACCIONES DE FERIA (INSPECCIÓN DE ATRACCIONES DE FERIA SAN ROQUE 2022)
F/202 2/5751	24F0022	11/08/20 22	250,00	334	22609	ASOC. OS TRASNOS DE GUILLAN	PASARRUAS EN O SIXTO O 03/08/2022. CULTURA
F/202 2/5752	01/2022	20/07/20 22	391,00	334	22609	ASOC. CUL. CORAL SOBRADELO	ACTUACION MISA DO CARMEN IGREXA SOBRADELO 16/07/2022. CULTURA
F/202 2/5753	128/22	11/08/20 22	457,25	920	22000	PAPELERIA ARINES, C.B.	MATERIAL OFICINA. ADMON. XERAL
F/202 2/5754	129/22	11/08/20 22	12,50	920	22000	PAPELERIA ARINES, C.B.	MATERIAL OFICINA. ADMON. XERAL
F/202 2/5758	3/2022	17/08/20 22	225,00	338	22609	AGRUP. CORO P. STA. EULALIA	MISA CANTADA S. ROQUE O 15/08/2022. FESTAS POPULARES E FESTEXOS
F/202 2/5759	4/2022	17/08/20 22	335,00	338	22609	AGRUP. CORO P. STA. EULALIA	MISA CANTADA S. ROQUE O 16/08/2022. FESTAS POPULARES E FESTEXOS
F/202 2/5760	5/2022	13/08/20 22	300,00	338	22609	ASOC. C. BRISAS DO RIO ULLA-CATOIRA	PASARUAS FESTAS S., ROQUE. O 13/08/2022. FESTAS POPULARES E FESTEXOS
F/202 2/5762	D-9	17/08/20 22	1.512,50	338	22609	CRESPO GOMEZ, CARLOS	DISCOTECA MÓBIL LA DUENENETA O 12/08/2022. FESTAS POPULARES E FESTEXOS
F/202 2/5778	70	01/08/20 22	268,00	334	22609	ASOC. CUL. AIRIÑOS DO CARRIL	ACTUACION GRUPO GAITAS O 31/07/2022 S. FIDEL (CULTURA)
F/202 2/5784	22 399	31/08/20 22	254,10	132	22799	FUND. EMPRESA UNIVER.GALLEGA	COLECTORES DE TOMA DE MUESTRA DE SALIVA (PETICION POLICIA LOCAL)
F/202 2/5786	24192398	31/08/20 22	3.087,96	132	204	BANCO SANTANDER, S.A.	CUOTA DE ARRENDAMIENTO / CUOTA FINANCIACION PRIMA SEGURO

F/202 2/5788	22001676 0	31/08/20 22	106,02	9201	22002	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	ADAPTADOR DISPLAYPORT A HDMI DP/M-HDMI/F 15CM (RESPONSABLE INFORMATICA JUAN LUIS NUÑEZ TOURIS) / memoria ddr4 8gb
F/202 2/5789	22001675 0	31/08/20 22	425,84	9201	22002	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	TONER BROTHER TN 247 C (CONSUMIBLES PARA departamento de promocion economica PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFORMA
F/202 2/5812	D01 8512	31/08/20 22	108,90	132	22104	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	PANTALON P.L. ALDAN PA-240 (ALBARAN: 295.715 FECHA: 17.08.2022 SERVICIO: POLICIA LOCAL RESPONSABLE: JOSE ANTONIO PREGO
F/202 2/5840	25F0022	22/08/20 22	250,00	338	22609	ASOC. OS TRASNOS DE GUILLAN	PASARRUAS EN VILAGARCIA DE AROUSA O 15/08/2022. FESTAS E FESTEXOS
F/202 2/5841	02/2022	18/08/20 22	2.100,00	338	22609	ASOC. CORO LICEO DE VILAGARCIA	CONCERTO ""NOITE DE ZARZUELA"" O 16/08/2022 S. ROQUE (FESTAS E FESTEXOS)
F/202 2/5842	22 - 01	15/08/20 22	391,00	338	22609	GRUPO MOCEDADE DA TORRE 83	PASARRÚAS O 15/08/2022 S. ROQUE (FESTAS E FESTEXOS)
F/202 2/5846	9	23/08/20 22	391,00	334	22609	CENT. CULT. DEP. S. PLACIDA	ACTUACIÓN O 14/08/2022 FESTA DO CARMEN (CULTURA)
F/202 2/5847	11	23/08/20 22	391,00	338	22609	CENT. CULT. DEP. S. PLACIDA	ACTUACIÓN O 17/08/2022 FESTAS S. ROQUE (FESTAS E FESTEXOS)
F/202 2/5849	1	24/06/20 22	335,00	334	22609	ASOC. CORAL ROSALIA DE CASTRO	MISA SAN JUAN BAMIO 24/06/2022 (CULTURA)
F/202 2/5850	1	01/07/20 22	1.680,00	334	68900	LICEO-CASINO	CUADRO RIVAS BRIONES, VALOR SEGÚN TASACIÓN PERICIAL. (CULTURA)
F/202 2/5850	1	01/07/20 22	8.000,00	334	68900	LICEO-CASINO	CUADRO RIVAS BRIONES, VALOR SEGÚN TASACIÓN PERICIAL. (CULTURA)
F/202 2/5857	RM 221670	31/08/20 22	5,13	135	214	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	SILENTBLOC 38 MM
F/202 2/5859	RM 221671	31/08/20 22	95,03	135	22199	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	GARRAFA CC SPORT CAR AD 30%V ST / GARRAFA CC 5L 50% ROSA SPORT CAR / KIT RACORES / THX JTOR-10X2 / THX JTOR-10X2.5
F/202 2/5872	Cult- 5922022	25/08/20 22	43.318,00	334	22602	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra. Cult-492/2022 patrocinio publicitario do Festaclown - Vilagarcía de Arousa - Edición 2022. (Expediente de contrata
F/202 2/5874	02148000024722F	31/08/20 22	1.463,12	334	22700	CLECE, S.A.	PRESUPUESTO DE LIMPIEZA EXTRAORDINARIA EN BAÑOS PORTATILES UBICADOS EN LOS PARQUES DE CAVADELO, MIGUEL HERNANDEZ Y A XUN
F/202 2/5886	1 295	04/08/20 22	1.579,55	943	466	FEDERAC. GALEGA MUNICI.Y PROV	COTA ANUAL DE ASOCIADO Á FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIO E PROVINCIAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.
F/202	Emit- 276	31/08/20	601,01	1720	489	AMUPARNA	COUTA 2022 AMUPARNA

2/6077		22					
F/202 2/6443	002/22	29/08/20 22	391,00	338	22609	AGRUP. FOLKLORICA FROALLO	ACTUACIÓN O DÍA 20/08/2022. FESTAS DE S. ROQUE
F/202 2/6445	22F0007	01/09/20 22	315,00	338	22609	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	ACTUACIÓN FESTAS DE S. ROQUE O 21/08. FESTAS E FESTEXOS
F/202 2/6446	3/2022	30/08/20 22	300,00	338	22609	CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA	ACTUACION FESTAS S. ROQUE O 13/08/2022. FESTAS E FESTEXOS
F/202 2/6549	12/22	31/08/20 22	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DOS SERVIZOS PRESTADOS POLA LETRADA NA ÁREA DE IGUALDADE DO CONCELLO NO MES DE AGOSTO DE 2022. (IGUALDADE).
F/202 2/6566	303220125	12/09/20 22	1.968,88	334	225	PORTOS DE GALICIA	TAXA DE OCUPACIÓN CONSTRUCCIÓN CENTRO CULTURAL DA PARROQUIA DE SOBRÁN E INSTALACIÓN DE ADE. ANO 2022.
		TOTAL	108.150,41				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:45 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.